

FIADORA DE LA

1. DATOS BÁSICOS SOBRE O OFICIO

1. Nomenclatura do oficio

Fiadora

2. Outras denominacións

Fiandeira

3. Outras ocupacións do sector

Non se contmeplan.

4. Área ou sector ao que pertence

Téxtil

5. Adscrición á clasificación CNAE

13.1 Preparación e fiado de fibras téxtiles

13.2 Fabricación de tecidos téxtiles

13.3 Acabados téxtiles

13.9 Fabricación doutros produtos téxtiles

6. Descrición sintética do oficio artesán

A fiadora é a artesá que realiza o proceso de fiado da la (ou do liño) dende o rapado da la das ovellas, procesando o produto ata obter fío que poida ser transformable en produtos téxtiles finais, adicados a diferentes fins.

7. Principais funcións que desenvolve

- ◆ Rapado da la.
- ◆ Limpeza e clasificación da la.
- ◆ Escarpizado da la.
- ◆ Cardado da la.
- ◆ Fiado da la.
- ◆ Enmadeixado da la
- ◆ Confección de prendas con fío de la.

2. DATOS SOBRE O PROCESO PRODUTIVO DA ACTIVIDADE

1. Fases do proceso

1. Fase I. Rapado

- ◆ Na primavera ou primeiros de verán rápanse as ovellas e de cada unha delas obtense unha rapa, que se fai cunhas tesoiras. As rapas sepáranse en dúas moreas segundo sexa a cor branca ou negra.

2. Fase II. Lavado

- ◆ Lávase con auga quente e un desengraxante. Aclárase en moita auga ata que quede ben limpa. Despois ponse a secar ao sol, nun tendal.

3. Fase III. Escarpizado

- ◆ Despois da seca, xa na casa, a la hai que escarpizala, poñela aberta e esponxosa. Pódense coller dúas cestiñas, que se sitúan unha a cada lado dos brazos, a da esquerda chea de la e a outra baleira. Vaise collendo pouco a pouco a la da esquerda coas mans, alargándoa e refregándoa para abri-la e deixala no cesto da dereita.

4. Fase IV. Cardado

- ◆ Unha vez escarpizada a la, hai que cardala usando as cardas. A la ponse nunha carda e vaise estirando coa outra carda, moitas veces ata que quede ben cardada.

5. Fase V. Fiado

- ◆ É posible fiar simplemente cos dedos, pero para facelo con maior exactitude e rapidez emprégase o fuso. A la átase ao fuso e envólvese a medida que vira a roda. A fiadeira vai engadindo pouco a pouco máis fibras. O fuso sóese suxeitar no mandil para impedir que se mova. Unha forma máis sofisticada de fuso, tamén moi antiga, é a máquina de fiar.

6. Fase VI. Torcido

- ◆ Faise coa parafusa. Cóllense dúas mazarocas, xúntanse, faise un nobelo e tórcese.

7. Fase VII. Enmadeixado

- ◆ Collemos os nobelos de la e vámolos envolvendo no sarillo para facer as madeixas.

8. Fase VIII. Tintura

- ◆ A la pódese tinguir, darlle a cor que se queira. Para que quede ben é recomendable que estea un pouco frouxa. Bótase a tintura nunha pota con auga, férvese arredor de media hora, despois aclárase ben con auga e ponse a secar á sombra.


9. Fase IX. Debandoira

- ◆ Unha vez tinguida e enmadeixada, a la pasa á debandoira, facendo un novo nobelo. Agora xa temos a la preparada para facer todo tipo de prendas.

10. Fase X. Confección

- ◆ Unha vez rematado todo o proceso e xa cos nobelos, fanse prendas.

2. Síntese do proceso



3. Técnicas utilizadas

Non se recollen técnicas específicas.

4. Instrumentos de traballo

1. Útiles e ferramentas

- Agullas
- Cardas
- Debandoira
- Fuso
- Gancho
- Horquilla
- Parafusa
- Sarillo
- Tesoira

2. Equipos e máquinas

- Máquina de fiar

5. Contorna de traballo

1. Lugar e espazo de traballo

O espazo habitual de traballo destes artesáns é en domicilio e talleres artesanais.

2. Ambiente e condicións de traballo

O traballo pode darse en condicións atmosféricas de exterior e interior.

3. RECURSOS NATURAIS UTILIZADOS

1. Descrición dos recursos. Localización Xeográfica. Proceso de obtención.

- La. As las mais valiosas son as que proceden de ovellas de tres a seis anos. Unha ovella produce ao ano entre 1 a 3 quilos de la fina ou de dous a seis quilos de la grosa, segundo se trate dunha raza ou outra. As partes illadas do vellón mostran grandes diferenzas en canto a finura e estado de limpeza, segundo a parte do corpo de que procedan. A clasificación do vellón ten a súa importancia, si se aspira a lograr certa uniformidade no fiado. Existe recurso no territorio, sen localización específica. O proceso de obtención é mediante a cría de ovellas, ou compra de la procedente de rapas no lugar. Non se identifican recursos en concreto.

4. PRODUTOS FINAIS

1. Principais tipos de produtos que realizan

- Mantas de viaxe, colchas, chaquetas, alfombras, chalecos, calcetíns, peúgos, chales, bolsos ou cadros de todas as cores.

5. OBSERVACIÓNS DO OFICIO

A la foi moi empregada na antigüidade, pois era a materia téxtil que se tiña máis a man. Case todas as familias tiñan algunhas ovellas e a súa la, empregábase para tecer (medias, luvas, farrapos e vestidos) e para facer colchóns.

6. DIAGRAMACIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

